

CONCURSO TRABALLO POR PROXECTOS A INTERCULTURALIDADE



**Centro: CEP Xosé Neira Vilas
Peiteiros (GONDOMAR)**



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	páx. 2
2. OBXECTO E TEMÁTICA DA INVESTIGACIÓN.....	páx. 6
3. DESCRICIÓN.....	páx.6
4. DOCUMENTACIÓN ELABORADA.....	páx.8
5. TAREFAS.....	páx.8
6. RECURSOS.....	páx.13
7. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA.....	páx.14
8. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS.....	páx.14
9. AVALIACIÓN.....	páx.14
10.FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA.....	páx.15

1.-INTRODUCCIÓN : Razóns para levar a cabo este proxecto

O proxecto iniciouse no mes de outubro e tivo o seu remate no mes de xuño co festival de fin de curso.

Todo o claustro (un total de 21 mestres/as) coidadora e conserxe, participaron no desenvolvemento do proxecto, dende as titorías e os mestres especialistas desde as súas áreas tamén colaboraron na realización de diferentes tarefas de preparación e desenvolvemento do proxecto (música, pedagogía terapéutica, educación física, inglés e audición e linguaxe). Estiveron coordinados polo Equipo de Biblioteca e tamén colaboraron activamente o equipo de extraescolares, EDLG e o Equipo de Dinamización das TIC. Todo o alumnado (178 alumnos de educación primaria) participou nas diversas actividades e tarefas que se realizaron durante o período de desenvolvemento do proxecto.

A biblioteca propuxo o eixe transversal partindo dos intereses do alumnado en cursos anteriores. Desde o equipo de biblioteca coordinouse todo o traballo de investigación e as actividades desenvolvidas durante o proxecto. A iniciativa tivo o apoio de todo o claustro participando desde todas as áreas e todos os equipos. As familias foron convidadas a participar apoiando o proceso de investigación na casa, aportando material ao centro relacionado coa interculturalidade e a convivencia, e coa súa participación en activa no centro a través das diferentes actividades(contacontos, receitas de cociña, explicacións...)

Obxectivos

1. Recoñecer, apreciar e valorar as características dos diferentes países e culturas, promovendo a interculturalidade.

2. Fomentar a socialización e interacción do grupo, valorando o traballo en equipo, a cooperación, e potenciando o respecto cara a diversidade.
3. Fomentara lectura e consulta de diferentes textos e soportes relacionados co proxecto, preparando exposicións orais e escritas.
4. Aprender a respectar as opinións e traballos dos demais.
5. Seleccionar información desde un punto de vista crítico.
6. Elaborar diferentes tipos de materiais escritos, dixitais e orais: exposicións, carteis, revista escolar, calendario, representacións, entre outros, potenciando a creatividade.

Interdisciplinaridade.

Para un proxecto estea impregnado do sentido globalizado que o caracteriza, non debemos esquecer a achega das diferentes áreas ao proxecto. Por exemplo, dende a área de educación física traballáronse xogos e deportes do mundo, como a continuación se citan: Fútbol chino, mariola suramericana...

Por outra banda, dende a área de música, ao longo de todo o curso, traballáronse os ritmos e os instrumentos asociados ás diferentes culturas, sendo no final de curso, "as danzas do mundo" a temática escollida para a preparación por niveis de danzas das culturas traballadas, tal como se describen no punto 5 do presente documento.

Na área de valores, incidiuse especialmente no traballo da interculturalidade. Visionáronse curtametraxes como " A viaxe de Said" e analizáronse libros como " Soy un punto" o " El viaje" , co fin de amosar non so a parte cultural senón a realidade en torno a inmigración que están a vivir milleiros de familias.

Non hai que esquecer a importancia das linguas, concretamente, da área de lingua estranxeira (inglés), quen o longo do curso centrouse no afondamento das culturas irlandesa e canadense, debido a vinculación co idioma.

Todas as áreas participaron, dende o seu ámbito correspondente, o desenvolvemento das distintas competencias do alumnado.

Competencias claves

- Comunicación lingüística, a través deste proxecto tratamos de fomentar e mellorar a lectura, procura e extracción de información, ampliación do vocabulario, aprender a xestionar a información, realización de murais, exposicións orais,...
- Competencia en ciencias, matemáticas e tecnoloxía, coa realización de medicións, cambio de moeda, clima, cálculo de distancias, fusos horarios, fauna, flora...
- Competencia dixital, fomentar o pensamento crítico, que axude ao alumnado a seleccionar as fontes de busca fiables, para despois incorporar a información aos seus traballos, mediante o uso do procesador de textos, realización de vídeos, presentacións dixitais, blog...
- Competencias sociais e cívicas, traballando coa metodoloxía de aprendizaxe cooperativa, fomentando o respecto polo traballo dos demais e a colaboración e cooperación no traballo conxunto...
- Conciencia e expresións culturais coñecendo e interpretando as actividades artísticas de diferentes culturas, música, vestimenta, arte, bailes.. .. utilizando diferentes técnicas plásticas. Representaranse obras teatrais que incentiven a lectura e o gusto polas dramatizacións.

□ Aprender a aprender, trataremos que o alumnado teña un espírito crítico, que teña ansia de aprender e ampliar os seus coñecementos, utilizaremos diferentes estratexias e recursos que permitan aos alumnos/as planificar a súa aprendizaxe. buscando e seleccionando información, establecendo relacións entre distintas fontes, resumindo, explicando...

□ Sentido da iniciativa e espírito emprendedor, a través de creación propias, individuais ou de equipo, deseñando propostas e levándoas a cabo.

2.-OBJECTO E TEMÁTICA DA INVESTIGACIÓN

Para a adquisición dos obxectivos e competencias distribuimos os contidos de todas as áreas do currículo ao longo do curso, de maneira coordinada entre os cursos e de forma interdisciplinar, para facilitar a programación de tarefas integradas que contribúan ao desenvolvemento dun proxecto globalizado. Neste documento reflectimos tamén o produto social relevante de cada trimestre, o que facilita a secuenciación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis para a avaliación de cada área.

No material complementario amosamos como foi estruturado o proxecto, en relación ao currículo. *(documentos globalizados)*

3.-DESCRIPCIÓN

PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

- 1) Nos primeiros cursos xorde o interese por saber de que lugar procedía o pirata que vive na nosa biblioteca, e que lugares máxicos ou non, podería ter visitado. É de aquí de onde nace o interese por saber máis sobre o tema. No resto de cursos se realiza un traballo de investigación sobre a interculturalidade: que é , que

queremos saber, que sabemos... Os contidos e temas a tratar foron moi diversos, en función dos intereses do alumnado. Así o punto de partida foi unha chuvia de ideas para coñecer cales eran os seus intereses e inquietudes.

- 2) Decídese dende as aulas, que país imos investigar. Cada titoría investigou co seu grupo de alumnos/as sobre o país elixido. Partindo dos intereses e necesidades do alumnado. Logo coa información recollida, cada titor/a organizou os temas a tratar e a maneira de levalos a cabo, sen perder a óptica do traballo cooperativo e a vivencia e a actividade do alumnado.
- 3) Relacionamos todas as conmemoracións co tema do proxecto, xirando así, en torno a interculturalidade. Para poder levalo a cabo, existiu unha coordinación entre os equipos de EDLG, Actividades extraescolares e biblioteca. Así na primeira reunión do equipo de biblioteca fixemos unha valoración coas posibles actividades que a continuación, púxose en común co resto dos equipos.

- 4) Desenvolvemento do proxecto. Toda o traballo feito nas diferentes aulas, foi presentado e exposto ao resto das aulas, a través de presentacións orais feitas polo alumnado, representacións teatrais, contacontos... promovendo a convivencia e o enriquecemento entre iguais.





- 5) Produtos finais. O remate de cada trimestre, elaboráronse os produtos finais de cada nivel, entre os que destacaron obradoiros de cociña coas comidas típicas, calendario feito con debuxos do alumnado relacionados cos diferentes países, construción dun dragón chino xigante, elaboración de traxes tradicionais empregados no entroido, revistas escolar, obras de teatro que reflectiron a realidade da cultura, , maquetas con ecosistemas do planeta...




4.-DOCUMENTACIÓN ELABORADA

Dada a temática do proxecto e o enfoque interdisciplinario do que se dotou, nos cursos superiores, elaboráronse diferentes materiais que ser incorporaron á biblioteca do centro. Por exemplo: a recollida de receitas do mundo, obra de teatro escrita polo alumnado de 6º, o concurso Libreando polo mundo, revista escolar, entre outras.*(material complementario)*



5.-TAREFAS REALIZADAS POLO ALUMNADO.




A continuación se recollen, parte das actividades realizadas polo alumnado, nos distintos niveis e nas distintas áreas.




Mural coas ideas previas.	Folio xiratorio	
Semana da cultura , organizada polo equipo de EDLG e extraescolares, na que ao longo da semana o alumnado realiza diversas actuacións	<ul style="list-style-type: none">-Bailes tradicionais-Sombras chinesas<i>(vídeo material complementario)</i>-Monólogos de monicreques sobre diferentes países.<i>(vídeo material complementario)</i>-Teatrillo do conto” A pequena masai”- Kamishibai, forma tradicional de contar os contos en Xapón.	

relacionadas co proxecto.		
Samáin	En coordinación co equipo de EDLG e extraescolares, as familias participaron no deseño de cabazas do mundo.	
Calendario Elaborado coa coordinación de todos os equipos(EDLG, TIC e extraescolares)	Cada clase representou un mes referíndose ao seu país. <i>(material complementario)</i>	
Día da Paz. Xunto cos demais equipos organizamos un mundo cheo de pombas da paz estendidas por todo o planeta.	O alumnado fixo un pomba da paz para simbolizar a paz no mundo, ao mesmo tempo que investigaban cales son os países máis pacíficos e menos.	
Entroido. Coordinación de todos os equipos(EDLG, TIC e extraescolares)	Disfrace do entroido: o alumnado investigou sobre os traxes típicos dos diversos países: dragón chino, etíopes, colombianos, lapóns,	

<p>Visibilidade fora do centro con pasarrúas polo concello.</p>	<p>xaponés/esa, hindús, masais brasileiros/as, , exipcios/as malgaches e iraquís. <i>(material complementario)</i></p>	
<p>Arte. Expresións culturais coñecendo e interpretando as actividades artísticas de diferentes culturas.</p>	<p>Pirámide exipcia Murais, máscaras, maqueta do Kilimanjaro, figuras de cartón tamaño real de persoaxes animados xaponeses, dragón chino, bisutería malgache e masai.<i>(material complementario)</i></p>	
<p>Peitiartistas: foi un obradoiro desenvolvido en 1º e 2º curso , tendo mesturando ao alumnado de 1º e 2º.A través dos artistas deste obradoiro, os</p>	<p>Os artitas traballados foron: Joan Miró(Debuxo automático) Jivya Soma Mashe (Arte trival Warli) Eduardo Chillida (Espazo positivo, espazo negativo) Sonia Delaunay(círculos) Salvador Dalí(Cadaver exquisito) <i>(material complementario)</i></p>	

<p>cativos e cativas descubriron novos métodos de traballo e novas formas de explorar a creación de imaxes.</p>		
<p>Bailes e música.</p>	<p>Libro” Volta ao mundo en 40 cançons” <i>(material complementario)</i></p>	<p>Funga Alafai(África) Navegar sen vento(Suecia) Samba Lelé(Brasil)...</p>
<p>Receitas dos diferentes países.</p>	<p>Brigadeiros(Brasil) Arepas(Colombia) Tostas de salmón(Laponia) Polo con cacahuetes(Magascar) Humus(Egipto) Sushi(Xapón)</p>	
<p>Contos en familia</p>	<p>“Pequena masai” “Contos de Pombo” “Un mundo Soñado” “Contos doutras terras” <i>(material complementario)</i></p>	

<p>Revista escolar</p>	<p>Pescudas para redactar noticias sobre cada país.</p>	<p><i>(material complementario)</i></p>
<p>Familias.</p> <p>Contamos en varias ocasións coa visita das familias con moito que contar sobre diferentes lugares do mundo.</p>	<p>A nai de dous cativos, viu falar sobre o seu pais de orixe(Colombia) e levou a cabo un obradoiro de cociña de arepas.</p> <p>O pai de dous cativo, de profesión, xefe de máquinas dos pesqueiros, falounos dos distintos lugares que tiña visitado así como do xeito de orientarse no mar ou o lugares do mundo onde se pesca cada tipo de peixe.</p> <p>Temos no centro, unha familia con chinés, e pola celebración do aninovo Chino, fixeron unha cea, e coa axuda da cativa gravaron un vídeo explicativo.</p>	<p><i>(material complementario)</i></p> <p>Entrada no blog sobre o pai que falou da pesca, os mares e o mundo.</p>  <p>Enlace ao vídeo</p> 
<p>Libreando polo mundo.</p>	<p>Concurso de búsqueda de libros relacionados co proxecto:</p> <p>“Un mundo soñado”</p> <p>“Abajo los muros”.</p> <p>Consiste na presentación de retos que deben ser resoltos coa</p>	<p>CONCURSO LIBREANDO POLO MUNDO</p> <p><small>TEÑER QUE ATOPAR O LIBRO NO QUE APARECE NESTA IMAXE</small></p> 

	búsqueda da información no libro a atopar.	
Teatro 6º India	“Aquí a India”. Teatro de creación libre por parte do alumnado de 6º, elaboraron o guión en clave de humor e con crítica cara a situación que viven os nenos e as mulleres	
Blog de 1º e 2º. Viaxamos polo mundo	Este é o blog das clases de 1º e 2º, onde pódense atopar moitos dos traballos realizados polo alumnado.	
Que sabemos de China?	O alumnado de primeiro atopou un xeito moi orixinal de transmitir a toda a comunidade educativa, todo o que investigara sobre China.	

6.-RECURSOS E FONTES CONSULTADAS

Neste proxecto empregáronse recursos para o deseño das actividades como na elaboración das mesmas polo alumnado: consultamos os libros e os ordenadores da biblioteca, das aulas E-Dixgal, os ordenadores das aulas e da aula de informática do centro, páxinas web relacionadas coa interculturalidade...

Por outra banda, co fin de dotar à biblioteca de recursos axeitados para o desenvolvemento do proxecto, mercáronse os libros que a continuación se detallan:

Tamén puidemos contar no centro coas maletas de empréstito do CEFORE, concretamente a maleta de “Palabras de Caramelo” e a de “Lúa de Senegal” con temática relacionada co proxecto.

7.-IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Todo o profesorado foi partícipe deste proxecto, traballando co alumnado, apoiando, organizando, xestionando recursos, guiando o proceso de aprendizaxe...

As familias implicáronse co proxecto participando nas propostas que se lle propuxeron en torno a receitas de cociña, charlas e exposicións, contacontos, no Samaín coa elaboración das cabazas, no Nadal fixeron bonecos de neve relacionados coa temática do proxecto, no entroido colaborando coas tradicións e os disfraces, ...

Tamén tivemos a oportunidade de trasladar “os contos diversos” que escolleron e prepararon ao CRA ANTÍA CAL (centro adscrito) , nunha coordinación entre os dous centros.

8.-DIFUSIÓN DOS TRABALLOS

Os traballos publicáronse no blog da Biblioteca <http://biblioanisia.blogspot.com/>, na revista escolar e na páxina web do colexio

<http://www.edu.xunta.gal/centros/cepneiravilas/>

e no blog de 1º e 2º <https://viaxamospolomundo.blogspot.com/?m=1>

9.-AVALIACIÓN REALIZADA

Avaliar o grao de consecución dos obxectivos xerais do proxecto e máis o desenvolvemento do mesmo: Recoñecer e apreciar as características dos diferentes países, ampliar o vocabulario con palabras relacionadas co proxecto,

ler de libros relacionados co proxecto, buscar información, utilizar recursos artísticos, ...

Para avaliar ao alumnado tivemos en conta os **estándares seleccionados** previamente e utilizamos diferentes instrumentos de avaliación das súas producións: observación no desenvolvemento, rúbricas e listaxes de cotexo .A continuación descríbense os estándares de aprendizaxe tidos en conta:

- Valora as diferenzas existentes entre as cultura.
- Recoñece as características propias das culturas traballadas.
- Traballa cooperativamente e respecta o traballo dos demais
- Entende e respecta a diversidade de culturas, razas, persoas.
- Domina vocabulario propio, en relación coa interculturalidade.
- Identifica as liñas de identidade de diferentes países.
- Goza da lectura.
- Emprega distintos recursos na selección de información e na transmisión dos seus coñecementos.
- Elabora materiais como medio de promoción e difusión da súa investigación.

En liñas xerais a avaliación resultou positiva na maioría do alumnado, acadando os obxectivos.

10.-FUNCIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR

Dende a Biblioteca fíxose o deseño básico do proxecto e coordinouse o seu desenvolvemento. Na Biblioteca están expostos os libros seleccionados no están de interculturalidade (*material complementario*) para o desenvolvemento do proxecto, recollendo e tendo en conta as suxestións dos mestres/as e do alumnado.

Foi lugar de traballo en momentos de busca de información .Tamén foi lugar de encontro de exposicións orais, lecturas das familias, de procura e de tratamento da información, o concurso “Libreando polo mundo” realizouse cada 20 días, levouse a cabo na biblioteca, xa que era alí onde tiñan que resolver o enigma e buscar libros relacionados co proxecto.

A biblioteca colaborou e levou a diante a coordinación cos demais equipos do centro , co obxectivo de poder desenvolver todas as actividades que se levaron a cabo.

Dinamizadora



Patricia Reboreda Alfaro

Vºto Prace Directora



Helena González González